

# 1. Líder



## DEBUT SONADO

O CD Castro disputou o seu primeiro encontro nunha fase de ascenso a unha Liga Galega. Os de Brais Prados fixérono impoñéndose ao Xuventú Aguño nun partido con mellor marcador final que xogo na Fonte, aínda que o gol visitante chegou nunha das últimas accións



### FASE ASCENSO INFANTIL

#### O Burela está a un partido do ascenso á Liga Galega

Tras impoñerse ao Narón na Marosa por tres goles a dous, aos de Javi Ruiz válenlle dous dos tres posibles resultados no partido de volta, no que se non encaixan gol serán seguro novo equipo da máxima categoría do fútbol infantil

### CATEGORÍAS SUPERIORES

#### Chega o sprint final tralo último parón das competicións

A Milagrosa cadete, que empatando ante o Estrada terá a permanencia, e o Calasancio xuvenil, que ten que gañar e agardar outros resultados, son os equipos lucenses que máis se xogan na próxima e última xornada das categorías superiores

#### A XI Gala Líder será o próximo 10 de xuño no Auditorio Gustavo Freire de Lugo

Esta semana coñecemos o mellor once Provincial infantil coa publicación das votacións dos diferentes adestradores e capitáns. O vindeiro luns chega a quenda dos equipos ideais alevín, benxamín e prebenxamín

premioslíder<sup>2019</sup>  
fútbol-base lucense





Borja a piques de disparar á portaría do Aguiño



Os xogadores do Castro celebrando un dos goles



Álex controla un balón de espaldas a un rival

# Vitoria agridoce do Castro

**OS DE BRAIS PRADOS GAÑARON PERO ENCAIXARON GOL NO DESCONTO** ante un bo rival, polo que a eliminatoria resolverase en Aguiño a próxima fin de semana

**CD CASTRO** Goles: Alex e Ónega **2 1** Got: Jose **X. AGUIÑO**



Arbitro: Alejandro Luna, Tania Penabaz e Silvia Folgueira Campo: A Fonte, Cospeito

**“Disputamos una primeira parte increíble. Ese é o camiño que a seguir”** BRAIS PRADOS CD Castro

O Castro disputou o seu primeiro encontro nunha fase de ascenso á Liga Galega e fíxoo con vitoria nun partido moi complicado, ante un gran rival e no que os chairegos terminaron cun sabor agridoce, xa que o momentáneo dous a cero era un botín extraordinario para o partido de volta en Aguiño, pero no tempo de desconto os visitantes marcaron un gol que pode valer o seu peso en ouro.

**OS MELLORES**

CD CASTRO	
RAÚL	2 2 2
ÓNEGA	2 2
ALEX	2

A igualdade foi a tónica dominante dunha primeira parte na que o Castro tivo mellores sensacións e dispuxo de máis ocasións ata que, tras un

remate do Aguiño rozando o pau, na xogada seguinte Raúl sacouse da chistera unha gran acción na que gañou a liña de fondo e serviu un pase da morte que enviou ao fondo das mallas Álex cun certo remate ao fio do descanso.

A primeira parte terminou con boas sensacións para o Castro pero a segunda empezou con dominio do Aguiño, que

meteu aos chairegos no seu campo e xerou ocasións claras, entre elas un man a man que salvou Rodrigo e un disparo pegado ao poste.

O Castro saiu con vida dos seus peores minutos e ata ampliou a diferenza cun lanzamento de falta directa por medio de Ónega.

O dous a cero era un botín extraordinario para o partido de volta, pero os visitantes, no tempo de desconto, fixeron o dous a un co que a eliminatoria viaxa a Aguiño moi aberta.

## O efecto Frigsa xa agarda polo Narón

**NARÓN** **3 1** **MILAGROSA**



Goles: Alex, Xoán e Anxo polo Narón. Anxo polo Milagrosa.

**“No hay nada decidido. Si somos capaces de hacer nuestro juego podemos remontar la eliminatoria”**

MANOLO COUSO SCD Milagrosa

**OS MELLORES**

MILAGROSA	
NEIRA	2 2 2
CAMUÑAS	2 2
D. GALLEGO	2

A Milagrosa perdeu en Narón por un avultado e excesivo tres a un no partido de ida da primeira eliminatoria da fase de ascenso á Liga Galega xuvenil. Un encontro típico de fase de ascenso no que tamén se xogou fóra do rectángulo

de xogo, con moita presión desde a grada e algún incidente illado que caldeou en exceso o ambiente.

A Milagrosa é mellor equipo e demostrouno durante moitas fases do xogo, por iso a volta en Frigsa será o momento de

plasmalo tamén no marcador.

O partido empezou a pedir de boca, con superioridade da Milagrosa e co cero a un que asinou Anxo antes do cuarto de hora inicial. Con todo, cando máis de cara parecía o partido e a eliminatoria, todo torceuse.

En apenas seis minutos o Narón deulle a volta ao marcador con dous goles. A presión desde a grada aumentou e aínda que a Milagrosa pechou a primeira parte cun remate de Anxo ao poste as sensacións non eran boas.

No descanso Couso mentalizou ao seu equipo e a Milagrosa foi claramente superior. Sebas tivo un man a man que sacaron baixo a liña de gol e a Anxo fíxéronlle un penalti moi claro que non se pitou, polo que o castigo do tres a un no último minuto foi excesivo para un Narón que sufrirá moito para manter a vantaxe no partido de volta tendo o factor Frigsa en contra.

## O Villalbés B ten a última palabra no Roca

**CALASANZ B** **1 0** **VILLALBÉS B**



Goles: Pablo polo Calasanz.

**“Moi contento polo esforzo. Se no Roca estamos igual de intensos teremos as nosas opcións”**

IVÁN LAMAS RC Villalbés

**OS MELLORES**

VILLALBÉS B	
CABADO	2 2 2
CADRA	2 2
MARCO	2

perigo ata que chegou o un a cero tras un rexeite no ecuador da primeira parte. Á media hora Ángel sufríu un golpe fortuito na cabeza e tívose que retirar e recibir cinco grapas para cortar a hemorraxia.

Todo iso sacou un pouco do partido aos chairegos, pero mantivéronse con vida ata chegar ao descanso. Nos vestiarios recuperaron forzas e claridade de ideas cun par de retoques tácticos.

O Villalbés B foi a máis co paso dos minutos, meteu ao Calasanz na súa área con varios saques de esquina sen rematar e sobre todo cunha ocasión moi clara na que un disparo de David estrelou o balón no poste.

Ao final o un a cero semella pouco premio para un Villalbés B que no partido de volta terá noventa minutos por diante para gañar o encontro e volver á Liga Galega xuvenil.

O Rácing Villalbés B volve chamar con forza ás portas da Liga Galega xuvenil. Os de Iván Lamas, pese a perder no partido de ida da eliminatoria de campións que lle mide co Calasanz B, teñen un as na manga e ese é o partido de

volta que se disputará no Roca.

O Rácing B foi de menos a máis na Coruña, onde o Calasanz B tomou as rendas do partido nos primeiros minutos a partir da posesión do balón aínda que sen xerar excesivo

# A Cheda dictará sentenza

## A RESIDENCIA MINIMIZOU AO BERTAMIRÁNS, o coco desta fase de ascenso, e chega con vida e moito que decir ao partido de volta

**BERTAMIRÁNS B** **1** **0** **RESIDENCIA** **5**

Go! Yago



**XOGADORES** do Bertamiráns que ascenderon á División de Honra cadete esta mesma tempada reforzaron ao rival da Residencia nesta fase de ascenso



Miguel, Christian e Victor nun partido disputado na Cheda

“Foi unha lástima non concretar algunha das ocasións para traer a eliminatoria completamente igualada ao partido de volta na casa” **ADRIÁN VÁZQUEZ** SDC Residencia

A Residencia amansou á fiera. O Bertamiráns B, o rival que todos os equipos querían evitar no sorteo quedou emparellado cos da Cheda pero os de Adrián Vázquez non se engurraron e tralo partido de ida, que puido ser moito máis favorable para os lucenses, chegan á Cheda con todo por decidir.

O Bertamiráns A cadete conseguiu esta tempada o título da Liga Galega cadete case sen despeinarse e serán novo equipo da División de Honor a próxima tempada. Cinco deses xogadores, practicamente medio

equipo, baixaron a reforzar ao Bertamiráns B para conseguir o ascenso.

Pese a todo iso, a Residencia, pola que moi poucos apostaban e aínda apostan nesta eliminatoria, gañouse o dereito a decidir o pase en casa. O partido de ida estivo marcado polas reducidas dimensións do terreo de xogo, de aí a que Adrián Vázquez reforzase o centro do campo con Yoel en banda para ter máis presenza con balón e control nas segundas xogadas.

O Bertamiráns B non se complicou o máis mínimo, xogou

directo co punta e intentou xerar perigo en segundas accións dunha primeira parte na que a Residencia apenas sufriu e na que tivo dúas ocasións claras por medio de Cancio e Martín.

Na segunda parte mantívose o guiñ do primeiro corenta e cinco minutos ata que unha perda de balón da Residencia no medio campo desencadeou no un a cero. A partir de aí, durante uns minutos a Residencia pasou os seus

peores momentos, ata que Yoel empezou e entrar máis en contacto con balón e o equipo capeou o temporal, chegando ao tramo final con boas sensacións e dispoñendo de ocasións por medio de Lomba e algún balón que roldou a área sen atopar rematador, pero que puido igualar ao máximo unha eliminatoria que pese ao un a cero chega con todo por decidir ao partido de volta.

## As accións a balón parado castigaron ao Ribadeo

**3 DOS 4 GOLES** chegaron en faltas laterais e outro dende o punto de penalti

**BOIRO** **4** **0** **RIBADEO**



Goles: Manuel, Ezequiel, Andrés e Eloy polo Boiro.

## “Quédanos o Pepe Barrera para gañar o partido de volta e soñar coa remontada”

**SUSO COTO** SD Ribadeo

O Ribadeo caeu con claridade en Boiro ante un rival moito máis parello do que indica o avultado

**OS MELLORES** **RIBADEO**  
**GABRI**   
**IVÁN M.**   
**LUCAS**

marcador final. Os de Suso Coto tiveron unha longa viaxe que terá que percorrer tamén o Boiro o vindeiro sábado para disputar o encontro de volta no que o Pepe Barrera será o principal aliado dos mariños, primeiro para gañar o encontro e despois para soñar coa remontada.

As accións a balón parado foron determinantes. O un a cero chegou aos oito minutos tras unha falta lateral, e do mesmo xeito, no ecuador da primeira parte, chegou o dous a cero. Pouco despois Del Viso puido recortar distancias pero na última xogada da primeira parte, tras unha falta sobre Borja no medio campo non sinalada, chegou o tres a cero.

Na segunda parte a intención era manterse con vida para o partido de volta e Samuel tivo unha clara ocasión para recortar distancias, pero o porteiro do Boiro atallou o balón e montou unha contra que desencadeou en penalti e no avultado catro a cero que obriga ao Ribadeo a realizar unha fazaña para seguir con vida na fase de ascenso.

**COMPOSTELA** **3** **0** **EF POLVORÍN**



Goles: Carril, Cristian e Hugo polo Compostela. Arbitros: Nicolás Elespe, Brandon Ramos e Alberto Álvarez

Dura derrota do Polvorín no partido de ida da eliminatoria que lle mide co Compostela por un posto na Liga Galega cadete a próxima tempada. Unha derrota que para a maioría dos equipos sería sinónimo de centrarse no camiño máis longo por medio da repesca, pero si un equipo pode conseguir a remontada ese é o

# O Polvorín está ante un novo reto de superación

**OS DE CABALLERO CAERON EN SANTIAGO** por 3-0, pero non se dan por vencidos e agardan polo Compostela en Montirón

Polvorín.

Os de Caballero están nesta fase de campións cando ninguén os tiña nas quinielas a falta de dúas xornadas por disputar do Provincial, con todo, na penúltima curva o Polvorín adiantou a Ribadeo e Residencia alzándose co título.

O reto agora é maior para os de Caballero, xa que terán que darlle a volta a un tres a cero ante un gran rival.

O Compostela foi mellor no partido de ida con dous puntas de moita calidade e un medio centro digno dunha categoría superior.

Aos tres minutos os composteláns meteron o medo no corpo ao Polvorín cun

remate ao poste, e aos oito de xogo inauguraron o marcador co un a cero. Caballero, cun par de axustes, asentou ao Polvorín que aos poucos asomou a cabeza con algunha contra tras roubo e con accións a balón parado por medio de Lucas, pero cando empezaba a verse máis igualdade no terreo de xogo chegou o dous a cero cun penalti tras mans dentro da área do Polvorín.

No descanso os lucenses recuperaron forzas, pero nada máis empezar a segunda parte, aos dous minutos chegou o xerro de auga fría co tres a cero.

Os amarelos souberon sufrir para saír de San-

## “Estamos pensando ya en el partido de vuelta. Vamos a darlo todo en busca de la remontada”

**CABALLERO** EF Polvorín

tiago cun fio de vida, xa que o Compostela buscou a sentenza sobre todo tras quedarse con dez xogadores o Polvorín ao lesionarse Andrés xa con todos os cambios realizados. Óscar tivo unha ocasión para asinar o tres a un cun man a man que non puido culminar.

**OS MELLORES**  
**EF POLVORÍN**  
**DHOMI**   
**ALBERTO V.**   
**ÁLEX F.**



# O Rácing Villalbés empata e o pase decidírase en Grixoa

**EMILINATORIA IGUALADA** no marcador e no terreo de xogo. Adiantáronse os composteláns e empatou Carlos no Roca

<b>RC VILLALBÉS</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>VILLESTRO</b>
Go: Carlos			Go: Adrián



Arbitro: José Luis Fraga Torres, Anai Vázquez e Brais Del Olmo. Campo: Estadio Roca

Rácing Villalbés e Vilvestro disputaron o encontro de ida da primeira eliminatoria que lles mide na fase de ascenso á Liga Galega. Unha eliminatoria que chega aberta ao encontro de volta en Santiago de Compos-

tela tralos primeiros oitenta minutos disputados no Roca que finalizaron con empate a un.

A igualdade que reflectiu o marcador foi a mesma que houbo no terreo de xogo. Os primeiros minutos foron

**“Partido muy igualado. Destaco la concentración y el trabajo defensivo de todos los jugadores a lo largo del encuentro”** JANDRO NOVOA RC Villalbés

de tenteo entre os dous equipos, pero a partir do cuarto de hora inicial o Rácing quixo ser o protagonista.

Carlos, tras un centro lateral, estivo preto de inaugurar o marcador nunha primeira parte que terminou co cero a cero e na que o Vilvestro apenas chegou con perigo aos dominios de Breixo.

No descanso o Villalbés perdeu un pouco o ritmo de partido e os composteláns foron mellor na posta en escena da segunda parte.

## OS MELLORES

### RC VILLALBÉS

NOEL

HUGO

CARLOS

O Rácing cambiou a táctica, se replegou e buscou as contras para xerar perigo, pero o plan foise pola borda co cero a un. Un tanto que chegou tras un gol olimpico ao comezo da segunda parte.

A partir de aí o Villalbés tivo que arriscar e fíxoo. Noel e Álex Losada fabricaron a xogada do empate que asinou Carlos e a Anxo lle anulou un gol por fóra de xogo nunha segunda parte na que o Vilvestro tamén tivo ocasións de gol.



Anxo trata de facerse cun balón nun lance do xogo



O capitán Noel co balón ante a chegada dun rival



Carlos vaise co balón entre dous xogadores do Vilvestro

## O Viveiro renovou a súa candidatura

<b>ESTRADA FB</b>	<b>0</b>	<b>3</b>	<b>SD VIVEIRO</b>
-------------------	----------	----------	-------------------



Goles: Miranda (2) e Samu polo Viveiro CF. Arbitros: Rubén Calviño, Santi Boedo e Jorge García

O Viveiro non especulou no debut dos celestes na fase de ascenso á Liga Galega infantil e asumiu o rol que o sitúa entre os principais candidatos a dar o salto de categoría tras impoñerse no partido de ida

**“El equipo disputó un partido muy serio y nunca se conformó con la ventaja que tenía”**

ANTONIO SERRANO SD Viveiro

## OS MELLORES

### VIVEIRO

MIRANDA

MARTÍ

LUCAS

da primeira eliminatoria ao Estrada por cero goles a tres.

Os de Antonio Serrano saltaron ao terreo de xogo coa intención de ser os protagonistas e conseguírono. Sólidos en defensa e coas ideas claras con

balón o Viveiro minimizou os erros e tivo paciencia e claridade para xerar perigo ante un rival relegado e con defensa de cinco.

Ayana fabricou por banda o cero a un que subiu ao marcador Miranda pasado o cuarto de hora inicial. A partir de aí o dominio celeste intensificouse malia que ao descanso chegouse co axustado cero a un.

Aos dez minutos da segunda parte Miranda volveu acudir á súa cita co gol, nesta ocasión ao rematar de cabeza un centro de Lucas, asinando o cero a dous. O Viveiro non se conformou e cos cambios o equipo mantivo o listón alto ata deixar practicamente sentenciada a eliminatoria co cero a tres por medio de Samu ao rematar ao fondo das mallas un balón solto tras un saque de esquina.

O encontro de volta será o vindeiro sábado a partir das 11:30 no Marcos Gómez.

## O Burela está a oitenta minutos do ascenso

<b>BURELA SD</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>NARÓN</b>
------------------	----------	----------	--------------



Goles: Yago e Adrián (2) polo Burela; Sergio e David polo Narón.

Arbitros: David Gimenez, Diego Fernández e Jorge Marfil.

O Burela esta a un partido, a oitenta minutos de facer historia ao asinar o ascenso á Liga Galega infantil. Os de Javi Ruiz impuxéronse no partido de ida por tres goles a dous ao Narón.

**“Por enésima vez, o compromiso destes rapaces co club e con Burela está moi demostado”**

JAVI RUIZ Burela SD

# 80

MINUTOS separan ao Burela da Liga Galega. Se non encaixan gol en Narón darán o salto de categoría

polo que lles valen dous dos tres posibles resultados no partido de volta no que, se non encaixan gol, tamén estarán seguro na máxima categoría do fútbol infantil a próxima tempada.

Unha vez máis o Burela estivo por encima das expectativas, ata cando peor pintaban as cousas ao adiantarse o Narón en dúas ocasións no marcador, o Burela levantou a cabeza, sacou o xene competitivo e desvelou a balanza ao seu favor.

As postas en escena en cada parte foron mellores para o Narón, que se adiantou no marcador en ambas ocasións. Primeiro co cero a un no ecuador da primeira parte. A partir de aí o Burela foi mellor e Adrián plasmouno no marcador co empate a un.

Xa na segunda parte volveuse a adiantar o Narón nos primeiros minutos pero Adrián puxo o balón en toda a escuadra para facer o dous a dous e Yago imitou o remate cun disparo desde fóra da área para asinar o definitivo tres a dous co que o Burela viaxará a Narón para disputar o partido de volta.

# A fortuna non estivo de cara

**CD LUGO E RESIDENCIA ALEVÍN** remataron cuarto e quinto respectivamente nas súas sedes, nas que caeron eliminados ante os equipos que á postre serían os campións

CD Lugo e Residencia representaron ao fútbol alevín lucense na primeira fase do Campionato Galego.

O Lugo, actual campión Provincial, cumpriu en Caranza nunha sé na que a presenza do Deportivo complicaba xa de saída o soño de clasificarse para a fase final, e os pronósticos cumpríronse ao quedar apeados da competición os lucenses a mans dos herculinos nas semifinais. Pola súa banda a Residencia competiu en Outes, quedándose fóra das semifinais por un só gol tras perder pola mínima ante o Xuventude Oroso.

O Lugo debutou con derrota, perdendo por dous goles a tres co Ural no primeiro encontro. No segundo chegou a primeira vitoria, por un gol a tres ante o Boiro, e despediu a fase de grupos selando a clasificación para as eliminatorias imponéndose ao Victoria por tres goles a dous.

O Deportivo cruzouse no camiño nas semifinais, nun partido no que pese a competir ben, o Lugo quedou apeado da

**“Cando chega o final do torneo e ves que quedas sen forzas é para estar orgullosos. Noraboa a todos polo esforzo realizado”**

YONI CD Lugo

**“Orgullosos destes rapaces, que loitaron contra algún dos mellores equipos de Galicia. Este grupo de xogadores vai dar moitas alegrías nos próximos anos”**

KAISER Residencia

competición tras perder por catro goles a un ante o conxunto que ao final sería o campión desta fase e o que sacou o billete para disputar a fase final do Campionato Galego alevín.

Menos sorte tivo a Residencia, un dos equipos co cartel de posible revelación na sede que se disputou en Outes. O debut encheu de nervios aos da Cheda tras perder por un gol a tres ante o Victoria, deixando xa sen marxe de erro ao equipo nos dous seguintes encontros. No segundo a Residencia impúxose ao Conxo Santiago por un gol a cero, polo que o pase ás semifinais estaba en xogo ante o Xuventude Oroso, contra o que caerón por un axustado cero

a un quedando xa eliminados e despedindo a súa participación cunha vitoria ante o Outes, 3-1 para finalizar nun quinto posto que sabe a pouco.

## 4º

**POSTO CD LUGO** O Lugo caeu nas semifinais ante o Deportivo da Coruña nun encontro máis igualado do que indica o catro a un final

## 5º

**POSTO DA RESIDENCIA** que perdeu por un a cero ante o Xuventude Oroso, que á postre sería o campión e o equipo clasificado para a fase final alevín



O plantel do CD Lugo antes de debutar no Campionato Galego alevín en Ferrol



O branquiazul Andrés coa pelota por diante de Mateo nun encontro de Liga



Héctor, Villalbés B, disputa un balón con David, do Lourenzá



Noé defendido por Diego nun partido deste ano

ALEVÍN PREVIA 1	
<b>RESULTADOS</b>	
Villalbés A - Villalbés C	4-2
Valadouro - Viveiro B	6-3
Mondoñedo - Xove Lago	7-1
Viveiro C - Pontenova	2-3
<b>CLASIFICACIÓNS</b>	
Equipo	Pts X G E P
VIVEIRO C	37 16 12 1 3
VILLALBÉS A	35 16 11 2 3
VILLALBÉS C	32 16 10 2 4
PONTENOVA	32 16 10 2 4
S.D. VIVEIRO B	22 16 6 4 6
MONDOÑEDO	22 16 7 1 8
XOVE LAGO	20 16 6 2 8
VALADOURO	9 16 3 0 13
VILLALBÉS B	0 16 0 0 16
<b>REMATÉ DA COMPETICIÓN</b>	
ALEVÍN PREVIA 1	

ALEVÍN PREVIA 2	
<b>RESULTADOS</b>	
Polvorín A - Guitiriz	Hoxe
Lugo B - Milagrosa A	2-2
Sarriana A - Residencia B	Apr.
Palas - Piringalla A	3-5
<b>CLASIFICACIÓNS</b>	
Equipo	Pts X G E P
RESIDENCIA B	34 15 10 4 1
MILAGROSA A	33 16 10 3 3
LUGO B	31 16 8 7 1
SARRIANA A	25 15 7 4 4
PIRINGALLA A	18 16 5 3 8
PALAS	16 16 4 4 8
GUITIRIZ	16 15 4 4 7
POLVORÍN A	16 15 5 1 9
ABUIN A	6 16 2 0 14
<b>REMATÉ DA COMPETICIÓN</b>	
ALEVÍN PREVIA 2	

ALEVÍN PREVIA 3	
<b>RESULTADOS</b>	
Lucense - Ferroviaria C	2-3
Becerreá - Antas	2-3
Corgo - Fonsagrada	Apr.
Milagrosa C - Sagrado A	1-3
<b>CLASIFICACIÓNS</b>	
Equipo	Pts X G E P
ANTAS	42 16 14 0 2
BECERREÁ	40 16 13 1 2
POLVORÍN B	26 16 8 2 6
CORGO	24 16 7 3 5
PIRINGALLA A	19 16 5 4 7
FONSAGRADA	19 16 6 1 8
CP LUCENSE	18 16 6 0 10
FERROVIARIA C	9 16 2 3 11
SAGRADO C	8 16 2 2 12
<b>REMATÉ DA COMPETICIÓN</b>	
ALEVÍN PREVIA 3	

ALEVÍN PREVIA 4	
<b>RESULTADOS</b>	
Casás - Comercial	5-4
Sagrado B - Monterroso	8-0
Sarriana B - Sarriana C	4-0
Ferroviaria B - Piringalla B	8-0
<b>CLASIFICACIÓNS</b>	
Equipo	Pts X G E P
SARRIANA B	45 16 15 0 1
SAGRADO B	38 16 12 2 2
COMERCIAL	31 16 10 1 5
FERROVIARIA B	29 16 8 5 3
ABUIN B	24 16 8 0 8
SARRIANA C	18 16 5 3 8
CASAS	16 16 5 1 10
PIRINGALLA B	6 16 1 3 12
MONTERROSO	1 16 0 1 15
<b>REMATÉ DA COMPETICIÓN</b>	
ALEVÍN PREVIA 4	

## A Pontenova impúxose ao campión de Grupo

Os de Borja Lombardero leváronse os tres puntos do Marcos Gómez tras remontar un 2-0 do Viveiro C. Óscar, por partida dobre, e Carlos foron os autores dos goles do triunfo visitante. O Villalbés A gañou o derbi da Magdalena, Valadouro gañou na casa ao Viveiro B e o Mondoñedo venceu 7-1 ao Xove Lago.

## A Residencia B reina sen ter que xogar

A Resi B alzouse co primeiro posto do Grupo dous, da previa de copa alevín pese a que aínda lle queda un partido por disputar, que será na Ribela o vindeiro xoves a partir das 19:00 horas. O duelo da xornada media ao segundo, Milagrosa A, co terceiro, Lugo B e o empate a dous final deixou sen opcións de título á Mila.

## O Antas lévase o liderado en Becerreá

O duelo entre ambos conxuntos era definitorio e os de Abelairas impúxéronse a domicilio aos de Nico para arrebatarlles o primeiro posto. Os goles de Alexandre, Diego e Ignacio déronlle o triunfo aos da Ulloa. Vitorias tamén nesta última xornada para Sagrado Corazón e Ferroviaria C.

## Catro triunfos locais na última xornada

Casás ante a Comercial, Sagrado B contra o Monterroso, Ferroviaria B ante a Piringalla B e o líder, Sarriana B, no derbi da Ribela ante o filial, fixéronse cos últimos tres puntos na derradeira xornada de Previas. Tódolos conxuntos esperan agora o comezo da Copa Deputación.



# O Villalbés cuarto e o Lugo sétimo no Galego benxamín

**OS DOUS EQUIPOS LUCENSES** quedaron apeados na primeira fase, accedendo á derradeira o intratable Deportivo

CD Lugo e Rácing Villalbés presentáronse en Silleda para disputar a primeira fase do Campionato Galego benxamín, conscientes de que compartir sede co todopoderoso Deportivo, complicaba moito o soño de poder clasificarse para a fase final ao acceder a ela tan só o campión.

Ao final o equipo que saíu con mellores sensacións foi o subcampión provincial, o Rácing Villalbés, que terminou no cuarto posto mentres que o Lugo tívose que conformar co sétimo chanzo.

O Rácing Villalbés debutó con vitoria tras impoñerse por cero a un ao Outes. No seu segundo encontro os de Roberto Freire empataron co Estrada a un e perderon ante o Calasanz por un gol a tres. Esta derrota

**“Un día máis compartido xunto a este espectacular grupo de nenos”**

HUGO VÁZQUEZ CD Lugo

**“Competimos moi ben ante equipos de gran nivel. Seguimos medrando como club. Temos que estar moi orgullosos”**

ROBERTO FREIRE RC Villalbés A

fixo que pese a clasificarse para as semifinais, os chairegos mediríanse co Deportivo por un posto na final. Os herculinos cumpriron co guiñon previsto e coa hexemonía ao longo desta primeira fase e impuxéronse por dez goles a cero. No seu último encontro, no da final de consolación polo terceiro e cuarto posto, o Villalbés perdeu un a catro co Victoria.

O outro representante lucense nesta primeira fase do Campionato

Galego benxamín era o Lugo, actual campión Provincial, que non tivo o seu día no campo de Outes en Silleda.

Os capitalinos caeron no grupo da morte con Deportivo, Victoria e Riveira. As súas opcións vironse limitadas polo debut ante os do Barbanza, onde os albivermellos colleitaron un empate escaso para os méritos feitos durante o encontro, no que remontaron o 0-1 inicial. As posteriores derrotas contra o todo-

poderoso RC Deportivo e contra o Victoria priváronos de loitar nas eliminatorias polas prazas en xogo para a Fase Final. Así, os de Hugo Vázquez puxeron punto e final á súa participación impoñéndose con autoridade, 8-0, ao Outes na loita polo último e penúltimo posto.



O albivermello Unai co coiro defendido por Esteban

**4º**

**POSTO DO VILLALBÉS**

Os chairegos asinaron unha gran participación na que tan só o campión final, o inalcanzable Deportivo, apeou da competición aos de Roberto Freire

**7º**

**POSTO PARA O LUGO**

As derrotas contra o Deportivo e o Victoria privaron ao campión benxamín, que empatara co Riveira, de entrar nas eliminatorias



Os xogadores do Villalbés co seu adestrador na fase final disputada en Silleda

**BENXAMÍN 1º PROVINCIAL**

**RESULTADOS**

Residencia A - Milagrosa A	4-2
Sagrado A - Porto Burela A	2-4
Stg. de Foz - Lugo A	1-7
Lucense A - Villalbés A	3-6

**CLASIFICACIÓNS**

Equipo	Pts	X	G	E	P
CD LUGO A	42	14	14	0	0
R.C. VILLALBÉS A	33	14	11	0	3
PORTO BURELA A	28	14	9	1	4
SANTIAGO DE FOZ	16	14	5	1	8
MILAGROSA A	13	14	4	1	9
SAGRADO A	11	14	3	2	9
RESIDENCIA A	11	14	3	2	9
CP LUCENSE A	9	14	2	3	9

**FINAL DA COMPETIÇÃO**  
Campión: CD Lugo A  
Campionato Galego: Lugo A - Villalbés A

**BENXAMÍN FINAL A**

**RESULTADOS**

Ribadeo C - Valadouro	1-2
Porto Burela B - SD Burela	2-6
Viveiro A - Xove Lago	1-5

**CLASIFICACIÓNS**

Equipo	Pts	X	G	E	P
XOVE LAGO	15	5	5	0	0
BURELA SD	12	5	4	0	1
VIVEIRO A	9	5	3	0	2
PORTO BURELA B	6	5	2	0	3
VALADOURO	3	5	1	0	4
RIBADEO C	0	5	0	0	5

**REMATE DESTA FASE DA COMPETIÇÃO**

**BENXAMÍN FINAL B**

**RESULTADOS**

Ribadeo A - Viveiro B	5-2
Villalbés B - Ribadeo B	1-5
Villalbés C - Mondoñedo	1-2

**CLASIFICACIÓNS**

Equipo	Pts	X	G	E	P
MONDOÑEDO	15	5	5	0	0
SD RIBADEO A	12	5	4	0	1
SD RIBADEO B	9	5	3	0	2
R.C. VILLALBÉS C	4	5	1	1	3
SD VIVEIRO B	3	5	1	0	4
R.C. VILLALBÉS B	1	5	0	1	4

**REMATE DESTA FASE DA COMPETIÇÃO**

**BENXAMÍN PREVIA 3**

**RESULTADOS**

Polvorin A - Antas	5-3
Lugo B - Casás	11-0
Guitiriz - Ferroviaria A	9-2
Sarriana - Franciscanos	2-5

**CLASIFICACIÓNS**

Equipo	Pts	X	G	E	P
CD LUGO B	40	14	13	1	0
EF POLVORIN A	31	14	10	1	3
SD ANTAS	25	14	8	1	5
FRANCISCANOS	21	14	7	0	7
GUITIRIZ	19	14	6	1	7
SARRIANA	12	14	4	0	10
CASÁS	8	14	2	2	10
FERROVIARIA A	8	14	2	2	10

**REMATE DESTA FASE DA COMPETIÇÃO**

**BENXAMÍN PREVIA 4**

**RESULTADOS**

Becerreá - Lucense B	5-2
Piringalla A - Abuin	6-5
Piringalla B - Sagrado B	1-2
Milagrosa B - Residencia B	1-2

**CLASIFICACIÓNS**

Equipo	Pts	X	G	E	P
PIRINGALLA B	32	14	10	2	2
SD BECERREÁ	27	14	9	0	5
SAGRADO B	25	14	8	1	5
PIRINGALLA A	23	14	6	5	3
ATLETICO ABUIN	19	14	6	1	7
CP LUCENSE B	11	14	3	2	9
MILAGROSA B	11	14	3	2	9
RESIDENCIA B	10	14	2	4	8

**REMATE DESTA FASE DA COMPETIÇÃO**

**BENXAMÍN PREVIA 5**

**RESULTADOS**

Comercial - Monterroso	0-1
Ferroviaria B - Fonsagrada	0-6
Corgo - Auxiliadora C	1-4
Palas - Polvorin B	4-3

**CLASIFICACIÓNS**

Equipo	Pts	X	G	E	P
MARIA AUXILIADORA	33	14	11	0	3
EF POLVORIN B	30	14	10	0	4
CD CORGO	27	14	9	0	5
PALAS	21	14	7	0	7
MONTERROSO	19	14	6	1	7
COMERCIAL	19	14	6	1	7
AD FERROVIARIA B	12	14	4	0	10
FONSAGRADA	6	14	2	0	12

**REMATE DESTA FASE DA COMPETIÇÃO**



Asier, Julián e Manuel do Valadouro celebrando un tanto

**FINAL BENXAMÍN A**

## Pleno ao quince para o Xove Lago e peche con vitoria do Valadouro

O Xove Lago, tras impoñerse en Viveiro por un gol a cinco, pechou esta fase con pleno de puntos nas cinco xornadas disputadas, alzándose co primeiro posto final. Outra das notas destacadas nesta última xornada foi a primeira vitoria do Valadouro, tras impoñerse por un gol a dous ao

Ribadeo C a domicilio. Desta forma o Valadouro saíu do último chanzo no que se quedaron os mariñaos. No derbi disputado na Marosa a SD Burela impúxose por dous goles a seis ao Porto de Burela nun encontro co que ambos equipos despediron esta fase da competición.

**FINAL BENXAMÍN B**

## Mondoñedo, Ribadeo A e Ribadeo B pechan a competición con triunfos

Mondoñedo, Ribadeo A e Ribadeo B afrontan coas mellores sensacións a Copa tras despedir as fases previas con cadansúa vitoria. Os mindonienses chegan ao torneo copeiro tras asinar un pleno de triunfos na terceira fase, unha follada de ruta inmaculada que o

Villalbés C tivo opcións de frustrar, xa que o partido na Magdalenista estivo aberto ata o final. Con máis solemnidade impuxéronse o Ribadeo A, que venceu ao Viveiro B no Greogrio Sanz, e o Ribadeo B, que asinou a terceira vitoria da competición a domicilio diante do Villalbés B.

# Tan só os penaltis afastaron ao Xove Lago do soño da fase final

**OS DE KIKO REY CAERON EN SEMIFINAIS** ante o Calvo Sanz, campión zonal na fase disputada en Narón, e remataron terceiros. O Lugo, pola súa parte, foi sexto na Grela



O conxunto prebenxamin do Xove Lago ao completo cos seus adestradores



Os xogadores do CD Lugo de David Arias festexando un gol nesta temporada

Os dous representantes lucenses no Campionato Galego prebenxamin pecharon a súa participación na primeira fase dunha competición na que tan só os primeiros acceden á segunda fase.

O campión Provincial, o Xove Lago, foi o que máis preto estivo do soño de disputar a fase final. Os de Kiko Rey demostraron en Narón que a súa espectacular tempada non foi por casualidade e tan só a lotería dos penaltis apeou aos mariñaos.

O Xove Lago quedouse ás portas da gran final tras un curso no que tan só perderon un encontro no tempo regulamentario, ante o Lugo na segunda fase do Provincial. Ata nesta primeira fase do Galego o Xove asinou por vitorias todos os seus encontros da fase de grupos, imponéndose ao Conxo Santiago por tres goles a dous, ao Meirás por dous a tres e ao Lalín por un claro e contundente cinco a cero.

En semifinais os de Kiko

**“Meritorio tercer puesto sin perder un solo partido, muy cerca de haber conseguido el pase a la fase final. Estamos muy orgullosos de nuestro equipo, que estuvo a la altura de los mejores de Galicia”** KIKO REY Xove

**“Muy orgulloso del compromiso y trabajo realizado hasta el final por todos los jugadores ante rivales de un gran nivel”** DAVID ARIAS CD Lugo

Rey medíronse co Luis Calvo Sanz, ante o que empataron a un en semifinais e o pase á final decidiu nos penaltis nos que o Xove Lago caeu por un gol a dous.

Na loita polo terceiro e cuarto posto impúxose ao Conxo Santiago por catro goles a cero terminando no podio dunha primeira fase na que o Calvo Sanz sacou o billete para a fase final.

Pola súa banda o CD Lugo disputou na Grela o seus partidos da primeira fase. Os capitalinos perderon todos os encontros que disputaron, os tres da fase de grupos ante Calasanz, 5-1, Victoria, 1-4 e Fisterria, 1-3. Mentres que na eliminatoria polo quinto e

sexto posto cederon ante o Xuventude Oroso por 5-1.

## 3º

### POSTO DO XOVE

O conxunto mariñaño despediuse do Galego prebenxamin nunha tempada na que tan só perderon un encontro no tempo regulamentario

## 6º

### POSTO PARA O LUGO

Os capitalinos perderon os catro encontros que disputaron na Grela nunha xornada complicada para despedir o curso

### PREBENXAMÍN PROVINCIAL

RESULTADOS	
Residencia - Piringalla A	2-1
Sagrado A - Xove Lago	2-3
Stg. de Foz - CD Lugo A	1-5
Viveiro A - Ribadeo A	9-1

### CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
XOVE LAGO	39	14	13	0	1
CD LUGO A	37	14	12	1	1
PIRINGALLA A	25	14	8	1	5
RESIDENCIA A	22	14	7	1	6
SAGRADO A	15	14	4	3	7
STGO FOZ	14	14	4	2	8
VIVEIRO A	8	14	2	2	10
RIBADEO A	2	14	0	2	12

### FINAL DA COMPECIÓN

Campión	Campionato Galego
Xove Lago	Xove Lago e CD Lugo A

### PREBENXAMÍN FINAL A

RESULTADOS	
Burela B - Ribadeo B	5-2
P.Burela A - Villalbés A	2-2

### CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
RC VILLALBÉS B	10	4	3	1	0
RC VILLALBÉS A	8	4	2	2	0
P.BURELA A	7	4	2	1	1
P.BURELA B	3	4	1	0	3
RIBADEO B	0	3	0	0	3

### REMATÉ DESTA FASE DA COMPECIÓN

### PREBENXAMÍN PREVIA 2

RESULTADOS	
Piringalla B - Lugo B	Apr.
Sagrado B - Monterroso	7-4
Corgo - Milagrosa C	5-6
Sarriana - Milagrosa A	Hoxe

### CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
CD LUGO B	38	15	12	2	1
C.P. LUCENSE	34	16	11	1	4
MILAGROSA "A"	33	15	11	0	4
MILAGROSA "C"	29	16	9	2	5
C.D. CORGO	19	15	5	4	7
S.D. SARRIANA	19	15	5	4	6
A.PIRINGALLA "B"	17	15	5	2	8
SAGRADO "B"	11	16	3	2	11
MONTERROSO SD	1	16	0	1	15

### REMATÉ DESTA FASE DA COMPECIÓN

### PREBENXAMÍN PREVIA 3

RESULTADOS	
Polvorin - Antas	4-4
Ferrovíaria A - Casás	2-1
Milagrosa B - Piringalla C	4-1
Palas - Abuíñ	0-5

### CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
MILAGROSA B	31	14	9	4	1
FERROVIARIA A	27	14	8	3	3
AT. ABUÍN	22	14	6	4	4
ANTAS	22	14	6	4	4
POLVORIN	20	14	5	5	4
PIRINGALLA C	18	14	6	0	8
CASAS	17	14	5	2	7
PALAS	0	14	0	0	14

### REMATÉ DESTA FASE DA COMPECIÓN



O Rácing Villalbés B, campión do Grupo Final A

### PREBENXAMÍN FINAL A

## O empate na Marosa mantivo ao Rácing Villalbés B no primeiro posto da táboa

O Villalbés B. rematou no primeiro posto deste grupo de previas da Copa Prebenxamin. Pese a non xogar na última xornada os chaireiros salvaron o liderado. Podía afastalos del o seu irmán maior, o Rácing Villalbés A, se sumaba os tres últimos puntos en xogo ante o Porto de Burela A

na Marosa. Os mariñaos estaban sen opcións ao primeiro posto tras perder no duelo directo na primeira xornada ante na Magadalen.

O empate a dous final na Marosa ante Porto Burela A e Villalbés B, deixou a táboa como estaba e co Rácing B no máis alto.

### PREBENXAMÍN PREVIA 2

## Hoxe e o mércores dispútanse os últimos encontros xa con todo decidido

O Grupo 2 da previa de Copa finalizará o mércores coa disputa do último encontro, aprazado desta xornada, que medirá ao Piringalla B co Lugo B nas Gándaras, cos albirvermellos xa co primeiro posto asegurado.

O outro partido pendente de disputar é o da Sarriana

que recibirá esta tarde a partir das 18:15 horas na Ribela á Milagrosa B. Si os capitalinos conseguen os tres puntos alzaranse co segundo posto adiantando ao Lucense B, que descansou nesta última xornada e estará pendente do que suceda esta tarde en Sarria.

todas as fotos da xornada na web  
[www.liderlugo.es](http://www.liderlugo.es)





# PREMIADOS FÚTBOL INFANTIL LIGA

PORTEIROS	Pt	DEFENSAS	Pt	MEDIOS	Pt	DIANTEIROS	Pt	ADESTRADORES	Pt	ÁRBITROS	Pt
<b>DOPICO (SD Viveiro)</b>	<b>35</b>	<b>GAYOSO (SD Burela)</b>	<b>41</b>	<b>MIGUI (SD Ribadeo)</b>	<b>44</b>	<b>FERNANDO (SD Burela)</b>	<b>53</b>	<b>ANTÓN M. (CD Lugo B)</b>	<b>34</b>	<b>LOSADA MENACHO</b>	<b>52</b>
JORGE (CD Lugo B)	28	<b>CANDELA (SD Becerreá)</b>	<b>30</b>	<b>NOEL (RC Villalbés)</b>	<b>18</b>	<b>OMAR (CD Lugo B)</b>	<b>19</b>	JANDRO N. (RC Villalbés)	26	TANIA FENTE	41
AARÓN (SD Ribadeo)	25	<b>DAVID (SD Ribadeo)</b>	<b>22</b>	<b>ANDRÉ (CD Lugo B)</b>	<b>16</b>	<b>ADRIÁN (SD Viveiro)</b>	<b>18</b>	JAVI RUIZ (SD Burela)	24	MARFUL CAMPOS	40
ALAN (Sagrado C.)	23	NACHO (SD Sarriana)	16	<b>RUBÉN (SD Sarriana)</b>	<b>16</b>	CARLOS (SD Ribadeo)	16	NICO L. (SD Becerreá)	18	JUAN CARLOS POLO	34
ANTÓN (SD Becerreá)	14	FRAN (Sagrado C.)	13	XAVI (SD Ribadeo)	15	ADRIÁN (SD Burela)	10	MORO (SD Ribadeo)	18	LÓPEZ DÍAZ	24
MAURO (SD Sarriana)	14	BRAIS (SD Ribadeo)	12	ÁLEX G. (RC Villalbés)	8	DANI (CD Lugo B)	9	RAÚL/HÉCTOR (Sarriana)	14	LUIS PÉREZ	23
DAVID H. (RC Villalbés)	12	PEPE (CD Lugo B)	10	YAGO (SD Burela)	7	CARLOS (RC Villalbés)	9	ANTONIO S. (SD Viveiro)	11	LODEIRO SARMIENTO	20
SANTI (SD Burela)	11	ÁLEX (CD Lugo B)	5	ÁLEX L. (RC Villalbés)	6	CARLOS (SD Becerreá)	8	ALBERTO L. (Sagrado C.)	10	-	-
-	-	CARLOS (SD Sarriana)	5	JARNO (Sagrado C.)	6	DAVID B. (Sagrado C.)	6	ADRIÁN S. (Residencia)	7	-	-
-	-	CARLOS (SD Viveiro)	4	SAÚL T. (SD Sarriana)	6	ANXO (RC Villalbés)	5	-	-	-	-
-	-	YOEL (SDC Residencia)	3	SAMUEL (SD Viveiro)	6	ANDRÉS (Becerreá)	4	-	-	-	-
-	-	ISMA (Sagrado C.)	1	IVÁN (SD Burela)	5	XOEL (SD Sarriana)	4	-	-	-	-
-	-	-	-	ANXO (CD Lugo B)	4	SANTI V. (Residencia)	1	-	-	-	-
-	-	-	-	ROI (SD Ribadeo)	2	-	-	-	-	-	-
-	-	-	-	ALEJO (SD Becerreá)	1	-	-	-	-	-	-
-	-	-	-	BRUNO (CD Lugo B)	1	-	-	-	-	-	-
-	-	-	-	BOIXET (SD Viveiro)	1	-	-	-	-	-	-

EQUIPOS	Pt	PORTEIROS	DEFENSAS	MEDIOS	DIANTEIROS	ADESTRADORES	Pt	ARBITROS
<b>NICO LONGHINI</b> (Adestrador SD Becerreá)	5	DOPICO (SD Viveiro)	NACHO (SD Sarriana)	MIGUI (SD Ribadeo)	OMAR (CD Lugo B)	ANTÓN M. (CD Lugo B)	10	TANIA FENTE
	3	JORGE (CD Lugo B)	ÁLEX (CD Lugo B)	SAMUEL (SD Viveiro)	FERNANDO (SD Burela)	ANTONIO S. (Viveiro SD)	7	LODEIRO SARMIENTO
	1	ALAN (Sagrado C.)	DAVID (SD Ribadeo)	BRUNO (CD Lugo B)	CARLOS (RC Villalbés)	ADRIÁN S. (Residencia B)	5	LOSADA MENACHO
<b>CANDELA</b> (Capitá SD Becerreá)	5	ALAN (Sagrado C.)	NACHO (SD Sarriana)	RUBÉN (SD Sarriana)	OMAR (CD Lugo B)	ANTÓN M. (CD Lugo B)	3	LUIS PÉREZ
	3	MAURO (Sarriana)	YOEL (Residencia B)	MIGUI (SD Ribadeo)	FERNANDO (SD Burela)	RAÚL/HÉCTOR (Sarriana)	1	LÓPEZ DÍAZ
	1	DOPICO (SD Viveiro)	ISMA (Sagrado C.)	NOEL (RC Villalbés)	DAVID B. (Sagrado C.)	JAVI RUIZ (SD Burela)		
<b>ANTÓN MÉNDEZ</b> (Adestrador CD Lugo B)	5	ANTÓN (SD Becerreá)	CANDELA (SD Becerreá)	NOEL (RC Villalbés)	FERNANDO (SD Burela)	NICO L. (SD Becerreá)	10	LOSADA MENACHO
	3	ALAN (Sagrado C.)	NACHO (SD Sarriana)	XAVI (SD Ribadeo)	ANDRÉS (SD Becerreá)	ALBERTO P. (Sagrado C.)	7	LODEIRO SARMIENTO
	1	MAURO (Sarriana)	GAYOSO (SD Burela)	ÁLEX G. (RC Villalbés)	DAVID B. (Sagrado C.)	JANDRO N. (RC Villalbés)	5	LÓPEZ DÍAZ
<b>EQUIPO</b> (CD Lugo B)	5	ALAN (Sagrado C.)	DAVID (SD Ribadeo)	XAVI (SD Ribadeo)	FERNANDO (SD Burela)	JANDRO N. (RC Villalbés)	3	MARFUL CAMPOS
	3	DOPICO (SD Viveiro)	FRAN (Sagrado C.)	ÁLEX G. (RC Villalbés)	ADRIÁN (SD Burela)	ALBERTO P. (Sagrado C.)	1	JUAN CARLOS POLO
	1	DAVID H. (RC Villalbés)	GAYOSO (SD Burela)	NOEL (RC Villalbés)	DAVID B. (Sagrado C.)	RAÚL/HÉCTOR (Sarriana)		
<b>JANDRO NOVOA</b> (Adestrador RC Villalbés)	5	DOPICO (SD Viveiro)	CANDELA (SD Becerreá)	RUBÉN (SD Sarriana)	ADRIÁN (SD Burela)	ADRIÁN S. (Residencia B)	10	LOSADA MENACHO
	3	JORGE (CD Lugo B)	PEPE (CD Lugo B)	MIGUI (SD Ribadeo)	ADRIÁN (SD Viveiro)	NICO L. (SD Becerreá)	7	LÓPEZ DÍAZ
	1	AARÓN (SD Ribadeo)	GAYOSO (SD Burela)	JARNO (Sagrado C.)	FERNANDO (SD Burela)	MORO (SD Ribadeo)	5	LUIS PÉREZ
<b>NOEL</b> (Capitán RC Villalbés)	5	DOPICO (SD Viveiro)	CARLOS (SD Sarriana)	MIGUI (SD Ribadeo)	FERNANDO (SD Burela)	MORO (SD Ribadeo)	3	TANIA FENTE
	3	AARÓN (SD Ribadeo)	BRAIS (SD Ribadeo)	YAGO (SD Burela)	CARLOS (SD Ribadeo)	ANTÓN M. (CD Lugo B)	1	LODEIRO SARMIENTO
	1	ALAN (Sagrado C.)	GAYOSO (SD Burela)	BOIXET (SD Viveiro)	ADRIÁN (SD Burela)	ANTONIO S. (Viveiro SD)		
<b>ADRIÁN SUÁREZ</b> (Adestrador Residencia B)	5	AARÓN (SD Ribadeo)	BRAIS (SD Ribadeo)	ANDRÉ (CD Lugo B)	CARLOS (SD Ribadeo)	ANTÓN M. (CD Lugo B)	10	MARFUL CAMPOS
	3	JORGE (CD Lugo B)	GAYOSO (SD Burela)	XAVI (SD Ribadeo)	OMAR (CD Lugo B)	JANDRO N. (RC Villalbés)	7	TANIA FENTE
	1	SANTI (SD Burela)	CANDELA (SD Becerreá)	ÁLEX L. (RC Villalbés)	XOEL (SD Sarriana)	NICO L. (SD Becerreá)	5	LODEIRO SARMIENTO
<b>XABI</b> (Capitán Residencia B)	5	AARÓN (SD Ribadeo)	PEPE (CD Lugo B)	JARNO (Sagrado C.)	CARLOS (SD Ribadeo)	JANDRO N. (RC Villalbés)	3	LÓPEZ DÍAZ
	3	DOPICO (SD Viveiro)	FRAN (Sagrado C.)	ANDRÉ (CD Lugo B)	DAVID B. (Sagrado C.)	ANTÓN M. (CD Lugo B)	1	LUIS PÉREZ
	1	DAVID H. (RC Villalbés)	GAYOSO (SD Burela)	XAVI (SD Ribadeo)	OMAR (CD Lugo B)	ANTONIO S. (Viveiro SD)		
<b>ALBERTO PÉREZ</b> (Adestrador Sagrado C.)	5	MAURO (Sarriana)	CANDELA (SD Becerreá)	RUBÉN (SD Sarriana)	DANI (CD Lugo B)	RAÚL/HÉCTOR (Sarriana)	10	TANIA FENTE
	3	JORGE (CD Lugo B)	NACHO (SD Sarriana)	ANDRÉ (CD Lugo B)	XOEL (SD Sarriana)	ANTÓN M. (CD Lugo B)	7	MARFUL CAMPOS
	1	SANTI (SD Burela)	ÁLEX (CD Lugo B)	SAÚL T. (SD Sarriana)	OMAR (CD Lugo B)	NICO L. (SD Becerreá)	5	LUIS PÉREZ
<b>FRAN L.</b> (Capitán Sagrado C.)	5	ANTÓN (SD Becerreá)	GAYOSO (SD Burela)	SAÚL T. (SD Sarriana)	CARLOS (SD Becerreá)	RAÚL/HÉCTOR (Sarriana)	3	JUAN CARLOS POLO
	3	MAURO (Sarriana)	CANDELA (SD Becerreá)	NOEL (RC Villalbés)	ADRIÁN (SD Viveiro)	NICO L. (SD Becerreá)	1	LÓPEZ DÍAZ
	1	JORGE (CD Lugo B)	PEPE (CD Lugo B)	ALEJO (SD Becerreá)	FERNANDO (SD Burela)	JAVI RUIZ (SD Burela)		
<b>RAÚL/HÉCTOR</b> (Adestrador SD Sarriana)	5	SANTI (SD Burela)	GAYOSO (SD Burela)	IVÁN (SD Burela)	FERNANDO (SD Burela)	JAVI RUIZ (SD Burela)	10	JUAN CARLOS POLO
	3	JORGE (CD Lugo B)	DAVID (SD Ribadeo)	MIGUI (SD Ribadeo)	ADRIÁN (SD Viveiro)	ALBERTO P. (Sagrado C.)	7	LUIS PÉREZ
	1	ANTÓN (SD Becerreá)	CANDELA (SD Becerreá)	NOEL (RC Villalbés)	OMAR (CD Lugo B)	ANTÓN M. (CD Lugo B)	5	TANIA FENTE
<b>NACHO</b> (Capitán SD Sarriana)	5	DOPICO (SD Viveiro)	DAVID (SD Ribadeo)	MIGUI (SD Ribadeo)	FERNANDO (SD Burela)	JAVI RUIZ (SD Burela)	3	MARFUL CAMPOS
	3	SANTI (SD Burela)	GAYOSO (SD Burela)	ANXO (CD Lugo B)	OMAR (CD Lugo B)	ANTONIO S. (Viveiro SD)	1	LÓPEZ DÍAZ
	1	JORGE (CD Lugo B)	BRAIS (SD Ribadeo)	ROI (SD Ribadeo)	SANTI V. (Residencia B)	ALBERTO P. (Sagrado C.)		
<b>JAVI RUIZ</b> (Adestrador SD Burela)	5	AARÓN (SD Ribadeo)	CANDELA (SD Becerreá)	MIGUI (SD Ribadeo)	ANXO (RC Villalbés)	NICO L. (SD Becerreá)	10	LOSADA MENACHO
	3	ANTÓN (SD Becerreá)	FRAN (Sagrado C.)	NOEL (RC Villalbés)	CARLOS (SD Becerreá)	MORO (SD Ribadeo)	7	MARFUL CAMPOS
	1	DOPICO (SD Viveiro)	CARLOS (SD Viveiro)	ROI (SD Ribadeo)	ADRIÁN (SD Viveiro)	JANDRO N. (RC Villalbés)	5	LÓPEZ DÍAZ
<b>YAGO</b> (Capitán SD Burela)	5	DAVID H. (RC Villalbés)	DAVID (SD Ribadeo)	MIGUI (SD Ribadeo)	ADRIÁN (SD Viveiro)	JANDRO N. (RC Villalbés)	3	JUAN CARLOS POLO
	3	AARÓN (SD Ribadeo)	CARLOS (SD Viveiro)	XAVI (SD Ribadeo)	CARLOS (SD Ribadeo)	ANTONIO S. (Viveiro SD)	1	LUIS PÉREZ
	1	DOPICO (SD Viveiro)	CANDELA (SD Becerreá)	ÁLEX G. (RC Villalbés)	ANDRÉS (SD Becerreá)	MORO (SD Ribadeo)		
<b>MORO</b> (Adestrador SD Ribadeo)	5	ALAN (Sagrado C.)	GAYOSO (SD Burela)	ANDRÉ (CD Lugo B)	FERNANDO (SD Burela)	JANDRO N. (RC Villalbés)	10	LOSADA MENACHO
	3	JORGE (CD Lugo B)	CANDELA (SD Becerreá)	SAMUEL (SD Viveiro)	CARLOS (RC Villalbés)	JAVI RUIZ (SD Burela)	7	JUAN CARLOS POLO
	1	DOPICO (SD Viveiro)	FRAN (Sagrado C.)	YAGO (SD Burela)	ADRIÁN (SD Burela)	ADRIÁN S. (Residencia B)	5	MARFUL CAMPOS
<b>ROI</b> (Capitán SD Ribadeo)	5	DOPICO (SD Viveiro)	GAYOSO (SD Burela)	ÁLEX L. (RC Villalbés)	FERNANDO (SD Burela)	JAVI RUIZ (SD Burela)	3	TANIA FENTE
	3	ALAN (Sagrado C.)	FRAN (Sagrado C.)	YAGO (SD Burela)	ADRIÁN (SD Viveiro)	ANTÓN M. (CD Lugo B)	1	LUIS PÉREZ
	1	SANTI (SD Burela)	CANDELA (SD Becerreá)	RUBÉN (SD Sarriana)	CARLOS (RC Villalbés)	JANDRO N. (RC Villalbés)		
<b>ANTONIO SERRANO</b> (Adestrador SD Viveiro)	5	JORGE (CD Lugo B)	GAYOSO (SD Burela)	MIGUI (SD Ribadeo)	FERNANDO (SD Burela)	MORO (SD Ribadeo)	10	JUAN CARLOS POLO
	3	AARÓN (SD Ribadeo)	DAVID (SD Ribadeo)	NOEL (RC Villalbés)	CARLOS (RC Villalbés)	JAVI RUIZ (SD Burela)	7	LOSADA MENACHO
	1	MAURO (Sarriana)	PEPE (CD Lugo B)	ANXO (CD Lugo B)	DANI (CD Lugo B)	ANTÓN M. (CD Lugo B)	5	MARFUL CAMPOS
<b>CARLOS</b> (Capitán SD Viveiro)	5	DAVID H. (RC Villalbés)	GAYOSO (SD Burela)	MIGUI (SD Ribadeo)	FERNANDO (SD Burela)	ANTÓN M. (CD Lugo B)	3	TANIA FENTE
	3	JORGE (CD Lugo B)	BRAIS (SD Ribadeo)	ÁLEX G. (RC Villalbés)	DANI (CD Lugo B)	MORO (SD Ribadeo)	1	LÓPEZ DÍAZ
	1	MAURO (Sarriana)	ÁLEX (CD Lugo B)	NOEL (RC Villalbés)	CARLOS (RC Villalbés)	JAVI RUIZ (SD Burela)		



# PROVINCIAL XI GALA PREMIOS LÍDER



# premioslíder 2019

fútbol-base lucense

## PUBLICACIÓN PREMIADOS

Infantil provincial - HOXE  
 F-8 provincial - 27 de maio  
 Categorias Superiores - 3 de xuño





O mariño David vaise por diante de Yoel



O branquiazul Cillero defendido por Rodri



Cillero a piques de superar por velocidade a Alex

# A Residencia B deulle a volta á eliminatoria tralo descanso

O PARTIDO MANTÍVOSE ABERTO ATA O MINUTO 78, cando Unai anotou o 3-1 e baixou os brazos a un Viveiro que apuraba as súas opcións con tres defensas

## RESIDENCIA B

Goles: Santi Viveiro, Unai e Xavi

3 1

## VIVEIRO

Gol: David



Arbitro: Adrián Fernández Tejido Campo: A Cheda

A Residencia B clasificouse para cuartos de final da Copa tras vencer ao Viveiro na Cheda. Os branquiazuis avanza no torneo tras darlle a volta ao tanto inicial dos celestes, que se adelantaron por

medio de David no ecuador da primeira metade. Os visitantes facían valer o seu acerto ante un equipo local ao que se lle resistía o gol. Un balón ao longueiro e outra boa ocasión de Unai, que enviou ás mans do

“Un dez para todos os xogadores. A seguir traballando así para poder avanzar nesta competición”

DIEGO Residencia B

### OS MELLORES

RESIDENCIA B	VIVEIRO
CILLERO	DAVID
XAVI	CABRERA
UNAI	JAVI ILLÁN

porteiro un remate franco na área pequena, puideron significar o empate que, sen embargo, se fixo agardar ata o último minuto da primeira metade. Santi Viveiro abriu a lata ao aproveitar un rexeitamento dun lanzamento de falta.

Tras o descanso, os branquiazuis déronlle a volta ao marcador cun penalti provocado por Cillero que Xabi transformou no 2-1. O Viveiro,

obrigado a remar contracorrente, arriscou na busca do empate. Juan e A ntón protagonizaron os achegamentos máis perigosos pero a Residencia advertía con o ocasións tamén claras que obrigaron a Javi Illán a lucirse. O suspense mantívose ata o minuto 78 no que Unai sentenciou cunha xogada individual.

Os branquiazuis agardan rival para cuartos de final. Sairá do encontro entre Lourenzá e Ferroviaria que se disputará o mércores ás 18:00 horas no campo de Santa Cruz.

“Orgullosos de entrenar estes nenos e do traballo que fixeron durante toda a temporada”

MARCOS Viveiro



Lucas realiza un pase ante a presenza de Hugo Dono

## Bo inicio do Lugo B, que buscará o seu teito na Copa

JESUS, HUGO E PABLO debutaron co infantil

LUGO B	6
PALAS	0
Yago	Tomás
Jesús	Diego
Álex	David
Diego	Manuel
Pepe	Brais
Bruno	Noel
Anxo	Noel R.
Román	Rodrigo
Simón	Jorge
Bueno	Luis
Dani	Manu
André	Lombao
Omar	Gael
Hugo	David M.
Pablo	Martin

Goles: Diego (2), Hugo, Omar, André e Pablo

Arbitro: Jesus Adán Gallego

Paso firme do Lugo B na Copa. Os albivermellos acabaron impoñéndose con claridade a un Palas que aguantou ben na primeira metade, pero que se viu desbarborado na segunda.

Omar abriu o marcador aos vinte minutos ao rematar unha xogada pola banda, onde os locais buscaban a fórmula para romper a nutrida defensa do Palas. Antes do descanso, Hugo culminaba

“A seguir entrenando para seguir avanzando”

ANTÓN MENDEZ Lugo B

“O partido non tivo cor. O Lugo foi moi superior a nós”

LUIS MATO Palas

unha gran xogada colectiva co 2-0. Na segunda metade, os albivermellos ampliaron o marcador con tantos de André, Pablo e Diego, por dúas veces.

## O Ribadeo confirma o seu cartel de favorito ao título

TRES GOLES EN CINCO MINUTOS marcaron o partido

RIBADEO	7
POLVORIN	0
Aarón	Cristian
Dopico	Roberto
Agoub	Pedro
David	Adrián
Adri	Héctor
Roi	Pablo Reguera
Antón	Mateo Prado
Xavi	Manu Conde
Carlos	Pablo Reigosa
Sergio	Mateo López
Migui	Breixo
Diego	David
Igna	Mariño
	Anxo
	Martin Doval

Goles: Carlos (2), Migui (2), Sergio, Diego e Xavi

Arbitro: Ángel Ron Valle

O Ribadeo buscará curar as feridas do Provincial na Copa, que comezou con paso firme. Unha saída en tromba, con tres goles en apenas cinco minutos -un de Carlos e dous de Migui- deixaron visto para sentencia o partido ante o Polvorin, que non tivo capacidade de reacción. Antes do descanso, os locais levaron o marcador ata o 4-0, que ampliaron á volta. O seu vindeiro rival saíra do duelo entre Beceirreá e Sarriana.

“Encamiñamos o partido nos primeiros minutos. Esperamos ir recuperando xogadores durante a semana para afrontar a competición co plantel ao completo”

MORO Ribadeo

“Victoria justa y clara del principal favorito para ganar la Copa”

CABALLERO Polvorin





# A Piringalla agarda rival

**TRAS VENCER AO RÁcing VILLALBÉS B** en oitavos de final. Os laranxas administraron a renda de catro goles que lograron na primeira metade

<b>PIRINGALLA</b> Goles: Calderón (3), Lucas (2), Xián e David.	<b>7</b>	<b>3</b>	<b>RC VILLALBÉS B</b> Goles: Antón Pardo, Román e Borja.
--	----------	----------	---



Arbitro: Marcos López Fernandez Campo: Rodríguez Lago - As Gándaras (Lugo)

**“Norboa ao equipo pola mellora que experimentaron”**

JUAN A Piringalla

**“A pesar do mal resultado, o bo traballo que fixemos na segunda parte serviu para acabar o partido satisfeitos”**

ISAAC RC Villalbés B

A Piringalla agarda rival tras superar o duelo de oitavos de final ante o Rácing Villalbés B. Os laranxas puxeron o partido de cara nada máis comezar, cun gol de Calderón aos tres minutos de xogo, e deixaron practicamente resolto antes do descanso con catro tantos máis. Tras o paso polos vestiarios,



O laranxa Diego e Adrao loitan por un balón dividido

OS MELLORES	
<b>PIRINGALLA</b>	<b>RCVILLALBÉS B</b>
LUCAS	BORJA
CALDERÓN	ADRAO
SANTI	ÓSCAR

as forzas equilibráronse. A Piringalla, cos deberes

## 3-3

**PARCIAL NA SEGUNDA PARTE**  
Malia o adverso resultado da primeira metade, na que a Piringalla sentenciou o partido cun 4-0, o Rácing Villalbés B non se deixou levar e mellorou a súa imaxe tras o descanso, equilibrando as forzas na segunda metade que rematou cun parcial de 3 a 3



Calderón en conducción por diante do chairego Sergio



Antón Pardo a piques de centra presionado por Lucas

case feitos, baixou o ritmo mentres que o Villalbés tratou de apurar as súas opcións de loitar polo partido. Dous goles no inicio da segunda metade puxeron o encontro

4-2 e abriron unha porta á esperanza para os visitantes que, sen embargo, axiña viron como se pechaba. Calderón, nun lanzamento de falta directa, fixo o 5-3 evitando apuros para o final do encontro. Os visitantes

non renunciaron pero a Piringalla acabou de pechar o partido á contra. O rival dos capitalinos saíra da eliminatoria entre Sagrado e Antas, que se xoga esta tarde a partir das 19:30 horas nas Gándaras.

## Roberto marcou as diferenzas na Fonte

**CUN HAT TRICK** para o Foz

<b>CASTRO</b>	<b>3</b>
<b>FOZ</b>	<b>5</b>
Juan	Eric
Hugo	Xoel
Richi	Luis
David	Nacho
Pablo	Fran
Oscar	Sevilla
Brais	Iván
Aimar	Aarón
Isaac	Nico
Jose	Roberto
David Balado	Suárez
Nacho	Raúl
Raúl	
Lucas	
Vidal	

Goles: Óscar, Brais e Lucas polo Castro; Roberto (3), Aarón e Suárez polo Foz.

Arbitro: Susan Gueimonde Méndez

Roberto volveu marcar as diferenzas para o Foz, que afrontou a primeira eliminatoria de Copa xusto de efectivos e cun porteiro improvisado. Eric, que asumiu a responsabilidade tras a lesión de Raúl no quecemento. Os mariñaos déronlle a volta ao 0-1 do Castro con outra exhibición do capitán.


**“A pesar das adversidades competimos ben”**

ALEX VAZQUEZ Castro

**“O equipo tivo capacidade para adaptarse ás dificultades”**

MIRANDA Foz

**COPA DEPUTACIÓN CADETE**



# A Resi resolveu pola vía rápida na Cheda

**OS BRANQUIAZUIS** amarraron a clasificación para cuartos de final da Copa con catro goles antes do descanso

RESIDENCIA B	5
POLVORÍN B	1
Lois	Marquitos
Roi	Fer
Luis	Andrés
Antón	Santi
Pipi	Diego
Goas	Miguel
Nico G.	Eloy
Cernuda	Alfonso
Xoel	Yago
Nico C.	Sergio
Sebas	Pablo Fdez.
Sergio	Jorge
Zurdo	Cosmin
Manu	Pablo L.
Mosquera	

**Goles:** Cernuda (2), Goas, Manu e Sebas pola Residencia B. Diego polo Polvorín B.  
**Árbitro:** Alberto Lago Barrero

A Residencia B amarrou a clasificación na primeira metade que rematou con catro goles. O partido púxose axiña de cara para os branquiazuis, que non perderon nos dous primeiros espistes defensivos do Polvorín B. Así, aos quince minutos, xa mandaban por dous a cero tras os tantos de Cernuda e Goas. Antes do descanso, Sebas e Xoel poñían terra polo medio.

O marcador era un duro castigo para un Polvorín B que tentou plantar cara a un rival superior pero que resultou moi penalizado por erros puntuais na faceta defensiva.

Sen nada que perder, na segunda metade, os visitantes estiráronse e acercáronse con certo perigo á area rival. Froito desa maior presenza ofensiva chegou o gol de Roberto, que maquillou o

**“Ha sido un placer entrenar a estos chavales durante todo el año”**  
DIEGO MEJUTO Polvorín B

resultado antes de que Manu volveuse ver porta para a Residencia B.

Os branquiazuis acceden á seguinte ronda. O Spórting Pontenova, co que aínda non se mediron esta temporada, será o seu rival en cuartos.



Alfonso, Polvorín, por diante do branquiazul Cernuda

## A Sarriana asegura o pase na segunda parte ante un Antas moi rocoso

ANTAS	0
SARRIANA	5
Marc	David G.
Raúl	Marcos
Rodrigo	Pablo
Victor	Ricardo
Ger	Saúl
Martin	David V.
Unai	Pablo
Xurxo	Ayan
Rober	Fabio
Luis	Miguel
Goleta	Cao
Iker	Monir
Kevin	Hamza
Pablo	
Toño	

**Goles:** Ricardo, David Vázquez, Pablo, Alejandro e Hamza.  
**Árbitro:** Adrián Estraviz Cerdera

**“Gran partido dos rapaces a pesar da derrota, e moi boa temporada en xeral”**  
MELENDÓ Antas

tanto de Ricardo. Pese aos malos precedentes, o Antas non se deixou ir e mantivo o esforzo defensivo, evitando que a Sarriana se marchase no marcador. Así, non foi ata o minuto 63 cando Ayan, co segundo gol, despexou o camiño de cuartos de final para a Sarriana.

Nos últimos dez minutos do encontro, os visitantes avultaron o marcador con tres tantos máis, asinados por Pablo, Hamza e David.

Os da Ribela lograron así a clasificación para cuartos de final onde se verá as caras coa Ferroviaria. Os da Friga pasan a ronda tras a renuncia do Xove Lago que, malia realizar unha gran segunda fase -11 vitorias e 3 empates no Play Off- tivo que, con varios lesionados no plantel, non dispón de efectivos para afrontar o torneo.

A Sarriana amosou as súas credenciais de cara a unha competición de Copa para a que, como cuarto equipo do Provincial, parte entre os favoritos.

Os de Edgar Redondo cumpriron co guión ante o Antas, co que xa se viran as caras -sempre con vitoria para os da Ribela- na primeira fase da temporada. Sen embargo, os da Ulloa amosaron máis solidez que daquela.

De feito, o primeiro gol dos visitantes non chegou ata cumprirse a media hora de encontro no Castro Seoane cun

# Impúxose a pegada do Foz

**O RÁcing VILLALBÉS B**, que gañou o seu sitio na Copa tras quedar primeiro na Torneo Delegación, non tivo sorte cara a gol en Malates

FOZ	4
VILLALBÉS B	1
Álvoro	Xoel
Álex	Mario
Mateo	Nico
Carlos	Oscar
Adan	Iago
Samuel	Martin
Sergio	Jose
Jose	Cechu
Pablo	Michael
Abuín	Javi
Ismael	Josito
José María	Maseda
Manuel	Noé
Diego	Adrián
Lucas	Christian
	Luis

**Goles:** Ismael (2), Abuín e en propia meta polo Foz, Javi polo Villalbés B.  
**Árbitro:** Pablo Polo Fernández

O Foz conseguiu a clasificación para cuartos de final ante un Rácing Villalbés B disposto a prolongar na Copa as boas sensacións do Torneo Delegación, no que remataron líderes con só unha derrota en doce partidos, bálsamo despois dunha primeira fase dura para o equipo de primeiro ano do club chairego.

Os visitantes mostraron boas maneiras no treito inicial do partido,

**“Noraboa aos rapaces polo bo traballo que fixeron durante o encontro”**  
BURUNDA Foz

**“Este equipo sempre mereceu máis sorte nos resultados. Traballaron e medraron moito. Estou orgulloso destes xogadores”**  
DAVID PARDO RC Villalbés B

tocando ben o balón, e sendo capaces de reaccionar ao gol en propia meta que encaixaron nunha acción desafortunada aos quince minutos de partido. Sen embargo, a maior pegada do Foz acabou

decantando o encontro a favor dos locais. Ismael marcou o 2-1 antes do descanso e completou o dobrete na segunda metade, co 4-1, despois de que Manu Abuín sentenciara o encontro co 3-1.



# Eder devolveulle o mando ao Sagrado

## O CENTROCAMPISTA DISIPOU AS DÚBIDAS CO 1-3 cun certo lanzamento de falta a cinco minutos do final

<b>CASÁS</b> Goles: Ayman e Xurxo	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>SAGRADO</b> Goles: Losada, Eder e Samuel
--------------------------------------	----------	----------	--



Arbitro: Adrián Estraviz Cerdeira Campo: Rodriguez Lago - As Gándaras (Lugo)

OS MELLORES	
CASÁS	SAGRADO
FREJO	YONI
YOSEF	EDER
JUAN	ÁLVARO

Casás e Sagrado Corazón volveron cruzarse despois de que o Provincial separase os seus camiños e, como acontecera nos dous encontros que disputaran na primeira fase, o duelo volveu ser igualado, sobre todo na primeira metade.

Os dous equipos priorizaron o traballo defensivo que se impuxo nos primeiros corenta minutos, onde só as accións a balón parado conseguiron inquietar aos porteiros. O único gol chegou tras un penalti de Mario sobre Yoni que transformou Losada. Co resultado en contra, na segunda metade, Casás viuse obrigado a dar un paso adiante ante

**“Terminamos una temporada complicada pero a la vez pensamos ya en la próxima con el mismo equipo”**

**“Fue un partido intenso en el que estuvimos muy serios y no perdimos los papeles”**

AARÓN SÁNCHEZ, Casás

un Sagrado Corazón que se sentiu cómodo esperando a súa opción nas contras. De feito, nos dez primeiros minutos, dispuxeron de dúas boas ocasións para ampliar a renda nas botas de Samuel e Diego. O propio Samuel culminaría despois con máis acerto outra contra para poñer o 0-2 no marcador. O partido parecía decantado do lado dos visitantes. Sen embargo, os colexiais que buscaban o gol que os enganchara de novo ao encontro atoparon o premio nun balón en longo a Ayman, que controlou e asinou o 1-2, levando a incertidume de novo ao marcador. O gol deu ás aos locais

que se foron arriba con máis ganas que precisión a hora de trezar as xogadas. Con todo, a escasa diferenza mantivo o suspense nas Gándaras ata que, a cinco minutos para que se cumprise o tempo regulamentario, Eder devolveu a tranquilidade ao seu equipo co 1-3, nun lanzamento directo de falta. No desconto, Xurxo, cun golpeo desde o borde da área, volveu axustar o marcador sen poñer en perigo a vitoria dos visitantes, que terán que medirse a Foz nos cuartos de final, a un só encontro que se disputará no Municipal de Foz a próxima fin de semana.



Yosef trata de frear o avance do branquiazul Samuel



Sami indose co balón por velocidade de Jose



Mallo a piques de despxear ante Ayman, de Casás

## Raúl despexou o camiño da vitoria para o Burela cun hat trick

<b>BURELA</b>	<b>4</b>
<b>VIVEIRO B</b>	<b>1</b>
Lucas	David
Balseiro	Nico
David Otero	Carva
Sergio	David
Rafa	Veiga
Brais P.	Javi
Raúl	Dani
Alexandre	Samuel
Azael	David
David Orosa	Mendaña
Dani Jiménez	Roberto
Anxo	Edu
Antonio	Adrián
Alex	Balsa

O Burela comeza con novos aires a Copa. Os de Ramiro Chaves obtiveron o pase a cuartos de final tras vencer ao Viveiro nun partido no que amosaron máis acerto ca fútbol. A inspiración de Raúl, que anotou o seu primeiro hat trick da temporada, marcou o desenvolvemento dun partido máis igualado sobre o céspede do que convidaba a pensar o marcador final.

**“O mellor, o resultado e o pase á seguinte ronda. Non fixemos un partido para gañar 4 a 1”**

**“Los chicos jugaron bien, no merecieron este castigo”**

Raúl encargouse de abrir o marcador aos nove minutos pero, á media hora, froito da igualdade, Roberto puxo as táboas no marcador. A pólvora do Burela volveu sobresaír ao fío do descanso, dándolles vantaxe de cara á segunda metade. Sen embargo, o Viveiro B mantivo as súas opcións ata os últimos minutos do encontro no que Raúl, co seu terceiro gol, e Brais Penelo sentenciaron encontro de forma definitiva.

## O Monterroso clasifícase para cuartos tras un final de partido con suspense

<b>MONTERROSO</b>	<b>2</b>
<b>PIRINGALLA</b>	<b>1</b>
Kevin	Manuel
Alex V.V.	Mateo
Diego	Hugo
Xes	Noe
Roi	Adan
Artai	Angel
Martin R.	Iker
Raúl	David
Martin P.	Cristóbal
Santi	Felipe
Louzao	Nacho
Oscar	Roberto
Lucas	Joel
Isma	
Gabri	
Jorge	

O Monterroso quedou co billete para cuartos tras un partido moi igualado nos Cerdeiriños. Os locais, sextos na Promoción, partían como favoritos pero a Piringalla mantívose enganxada á Copa ata o último minuto. O encontro chegou a ceros ao descanso tras unha primeira metade sen un dominador claro. Na reanudación, os locais parecían facerse co mando.

**“Temos que mellorar cousas para seguir avanzando nesta competición”**

**“Partido muy igualado, de poder a poder, que pudo ganar cualquier equipo. Orgulloso del trabajo del grupo”**

Martin R. marcou o 1-0 ao rematar un centro desde a esquerda e, máis tarde, Gabri fixo o 2-0 culminando de cabeza, sobre a liña de gol, un centro desde a dereita. Case sen tempo para celebralo, Iker, en segunda opción, recurtou distancia para a Piringalla que se mantivo con opcións de igualar o encontro e forzar os penaltis ata o final do partido.

## Un dobrete de Diego sela a vitoria do Pontenova, que inicia pletórico a Copa

<b>PONTENOVA</b>	<b>3</b>
<b>BECKERREÁ</b>	<b>0</b>
Roberto	Duán
Leandro	Sergio
Iker	Candela
Xián	Javi
Dani	Iker
Adrián	Higinio
Esteban	Brais
Luis	Iago
Hugo	Mauro
Diego	Cata
Nerea	Pablo
Javi	Babiac
Raúl	Arturo
Marcos	Carlos
Adrao	

Tras a mala xeira de resultados que enlazaron na segunda volta do Torneo Delegación, o Spórting Pontenova iniciou pletórico as eliminatorias de Copa. Os da Mina avanza a cuartos de final tras vencer ao Becerreá nun partido que dominaron desde o inicio protagonizando as primeiras ocasións e adiantándose, aos oito minutos, cun gol de Adrián.

**“El mejor partido que hicimos esta temporada”**

**“El rival nos superó. Justo vencedor”**

que chegou desde a segunda liña para rematar unha xogada pola banda. Tiveron ocasións para resolver o partido antes do descanso pero non o fixeron e, na reanudación, o Becerreá, mellor posicionado, tentou engancharse ao partido. Así, nos primeiros minutos, as forzas parecían equilibrarse pero un gol de Diego, tras unha perda de mediocampo dos visitantes, decantou o encontro. O dianteiro local selou pouco despois a clasificación a seguinte rolda co 3-0 ao culminar unha xogada colectiva do equipo.

# A Resi acabou coa resistencia do Palas

**TRAS O DESCANSO** Os branquiazuis anotaron os cinco goles do encontro na segunda metade do partido na Cheda

**RESIDENCIA B** **5** **0** **PALAS**  
 Goles: Vilarín (3), Javi e Miguel



Árbitro: Iago Caoiro Mariño Campo: A Cheda

**OS MELLORES**

RESIDENCIA B	PALAS
-	ADRIÁN L.
-	ALBERTO
-	ÁLEX

A Residencia B entrou con forza na Copa. Tras impoñerse ao Quiroga en dezaseisavos de final por 4 a 0, este sábado apeou da competición ao Palas, con outra vitoria contundente na Cheda, 5 a 0 para os de Abad, que están na mellor media goleadora da temporada.

Pero a pegada dos branquiazuis non saíu a relucir ata a segunda metade. O gol resistiuse lles durante os primeiros corenta e cinco minutos nos que non foron quen de ver portaría. O entramado defensivo do Palas impediu que os locais puideran abrir o marcador malia dispoñer de ocasións para ir con vantaxe ao descanso.

**“Na segunda parte superáronnos fisicamente”**  
 ANGEL Palas

Sen embargo, na segunda metade o guiño do encontro cambiou.

A Residencia B atopou por fin o camiño cara a gol ante un rival que viu como o esforzo da primeira parte lle pasaba factura. Tras o 1-0 os goles foron chegando na Cheda. O máis acertado foi Pablo Vilarín, que anotou un hat trick. Javi e Miguel sumáronse á xeira goleadora dos locais con cadanseu tanto para levar o marcador ao definitivo 5-0.

O equipo branquiazul, que quedou terceiro na lixuíña de Play Off, agarda xa polo seu rival no torneo copeiro. Tocaralles medirse á SD Burela, que tamén empezou con moi boas sensacións a Copa e enlaza vinte partidos -todos os da segunda fase- sen perder.

**0-0**

**AO DESCANSO**

A formulación defensiva do Palas foi eficaz durante a primeira metade do encontro na Cheda, na que os da Ulloa mantiveron o marcador a cero. O esforzo pasoulles factura na segunda metade, na que a Residencia rompeu o encontro

**3**

**DUELOS NA SEGUNDA FASE**

Residencia B e Palas enfrontáronse por terceira vez na segunda fase da temporada. Os branquiazuis impuxéronse nas tres ocasións nas que se mediron aos de Ulloa, que xa perderan os dous cara a cara da lixuíña de Play Off



Brais co coiro entre os branquiazuis Jose e Roi



Adrián vaise por velocidade de Sergio Pérez



Álex, do Palas, de espaldas ao branquiazul Pablo V.

## O debutante Chipi asinou o pase do Polvorín detendo tres penaltis na quenda

VIVEIRO	3
David	Chipi
Junior	Cobas
Bruno	Gorka
Sergio	Dani
Adri	Sebas
Albert	Álex
Ángel	Alberto
Álex	Rubén
Carlos	Speedy
Xavi	Iker
Gómez	Iago
Kluiver	Fonsi
Canovas	Porral
Likua	Kevin
Jorge	
Gabri	

Goles: Speedy (2) e Iker polo Polvorín FC.  
 Árbitro: Virgino Polo Diaz

**“Un penalti injusto en el minuto noventa nos condenó a decidir la eliminatoria en la tanda”**  
 SERGIO IGLESIAS Viveiro

**“Noraboa a un equipo que nunca baixou os brazos”**  
 KUBALA Polvorín FC

tos para cumprirse o tempo regulamentario. A diferenza ata daquela marcaráa a maior pegada dos celestes. Sobre todo durante a segunda metade, o Polvorín FC embotellou ao rival na busca do empate pero non conseguiu materializar as ocasións. Conseguiron recortar distancia no 86, tras un penalti sobre Speedy que el mesmo transformou. Apenas cinco minutos despois, xa no desconto, volveu asumir a responsabilidade de forzar a quenda convertendo un penalti sobre Dani.

Chipi, que debutaba co equipo de Kubala tras xogar toda a temporada co EF Polvorín, foi o héroe da eliminatoria para os amarelos, que se clasificaron na quenda de penaltis.

O porteiro detivo tres dos catro penaltis lanzados polo Viveiro, que chegou ao momento decisivo contrariado por ver como os visitantes empataban un partido que gañaban por 3-1 a falta de cinco minu-

## O Ribadeo remonta na última xogada un encontro moi disputado ante Sagrado

RIBADEO	2
Diego	Harry
Javi Paraje	Pablo
Román	Adri
Carlos	Yeray
Miguel Yáñez	Álex
David Cube	Eliseo
Hugo	Rober
Álex	Gundin
Jorge	Muñelo
Adrián Cube	Extremeiro
Iván García	Platas
Manu	Hugo
Jose	Yoni
	Samu

Goles: Carlos e Iván García polo Ribadeo; Extremeiro polo Sagrado.  
 Árbitro: Luis Manuel Graña González

O Ribadeo avanza a cuartos de final da Copa tras impoñerse ao Sagrado Corazón no Pepe Barrera. Medíanse dous rivais que se coñecían do Provincial, con balance dun empate e unha vitoria por 1-2 para os capitalinos. Os precedentes presaxiaban un partido igualado e con moita disputa, e as previsións cumpríronse. Os visitantes adiantáronse cun tanto de Extremeiro

**“Vitoria moi sufrida e moi merecida. Agora toca pensar no seguinte”**  
 SALVA Ribadeo

**“Gracias a los chicos por este año”**  
 FRAN FERNÁNDEZ Sagrado Corazón

desde fóra da área nunha primeira metade na que o Ribadeo dispuxo de dous balóns ao pau, de Jorge e Iván García, para inaugurar o seu casilleiro. O gol seguiuélles resistindo na segunda metade, na que non atopaban a forma de bater a Harry, moi acertado durante todo o encontro. Sen embargo, a insistencia tivo premio e, a quince minutos do final, Iván García igualou o encontro nun córner. Cando parecía que os penaltis marcarían o desenlace, na última xogada, un bo centro de Román atopou un remate certo de Carlos para poñer o 1-2.

## O Becerreá perdoou e o Lourenzá quedou co billete para cuartos de final

LOURENZÁ	2
Pablo	Adriá
Barreira	Jorge
Hermida	Javi
Xoel	Iago
Tucu	Iván
Imaz	Santín
Julían	Miguel
Manu	Marco
Luis	Damián
Aarón	Deiros
Ayoub	Riomao
	Jose A.
	Bital
	Ily

Goles: Luis e Aarón polo Lourenzá; José Antonio polo Becerreá.  
 Árbitro: Jonathan Losada Menacho

**“Vamos a disputar esta Copa con ilusión”**  
 DIEGO REGO Lourenzá

**“Se nos escapó de las manos un partido en el que hicimos muchas cosas bien”**  
 ANTON MÉNDEZ Becerreá

Tras o paso polos vestuarios, continuou o dominio dos visitantes que tiveron o premio co 0-1 nun córner. Despois de facer o que parecía máis complicado, o Becerreá non soubo xogar co marcador e cedeu demasiado terreo a un Lourenzá que se volcou na busca do empate. Tras un par de ocasións, Luis igualou o encontro e, no desconto, Aarón deulle a volta ao marcador ao culminar unha boa xogada colectiva. Os de Diego Rego tiveran antes un penalti para remontar pero Pablo mantivera aos seus no partido.



COPA DEPUTACIÓN XUVENIL

<b>OITAVOS</b> Viveiro CF B <b>3</b> Polvorín FC* <b>3</b>	<b>OITAVOS</b> UD Xove Lago <b>0</b> SD Monterroso <b>2</b>	<b>OITAVOS</b> SD Ribadeo <b>2</b> Sagrado C. <b>1</b>	<b>OITAVOS</b> CD Foz <b>-</b> SD Sarriana <b>-</b>
<b>CUARTOS</b> Polvorín FC Monterroso	<b>SEMIFINAIS</b> 01   06   2019	<b>SEMIFINAIS</b> 01   06   2019	<b>CUARTOS</b> SD Ribadeo SD Sarriana
<b>CUARTOS</b> Lourenzá San Ciprián	<b>FINAL</b> 08   06   2018		<b>CUARTOS</b> Residencia B SD Burela
<b>OITAVOS</b> Lourenzá <b>2</b> Becerreá <b>1</b>	<b>OITAVOS</b> San Ciprián <b>6</b> SDC San Roque <b>2</b>	<b>DEZASEISAVOS</b> Residencia B <b>4</b> Quiroga CF <b>0</b>	<b>DEZASEISAVOS</b> * Palas CD <b>2</b> CD Corgo <b>2</b>

\* Clasificado na quenda de penaltis



Ivanilson nun partido da primeira fase da Liga

**O San Ciprián decantou o partido na segunda parte tras o 2-2 ao descanso**

<b>SAN CIPRIÁN</b>	<b>6</b>
<b>SAN ROQUE</b>	<b>2</b>
Elias	Manu
Diego Luna	Josema
Irfan	César
Jairo	Jairo
Pelayo	Rubén
Juan	César V.
Cristian	Juan
Ivanilson	Herrero
Abraham	Samu
Hugo	Cristian
Diego Baltar	Elian
Ivan	Pablo
Dani	Irimia
	Brujan

**“Bo traballo para ilusionarnos coa Copa”**

MADARIAGA San Ciprián

**“Felicito a todo o equipo polo traballo que fixeron durante a temporada repoiñéndose a todas as dificultades”**

DIEGO BARREIRO San Roque

**Goles:** Diego Baltar (2), Ivanilson, Abraham, Dani e Hugo polo San Ciprián; Elian e Cristian polo San Roque

**Árbitro:** David Jiménez Jiménez

O San Ciprián mantén na Copa as boas sensacións coas que rematou o Provincial. O equipo de Madariaga foi de menos a máis e acabou impoñéndose con suficiencia ao San Roque, despois de chegar con empate ao descanso. Os locais puxeron o partido de cara nos primeiros quince minutos, con goles de Ivanilson, nunha xogada individual, e Diego Baltar, cun tiro desde fóra da área, pero os capitalinos reaccionaron igualando o encontro

antes do intermedio. Elian recortou distancia cun remate tras un rexeitamento e, pouco despois, Cristian, nunha xogada individual, deixou o marcador en táboas para a segunda metade. Tras o paso polos vestiarios, o San Roque volveu sair máis metido no encontro e creou un par de ocasións para adiantarse pero, despois, a efectividade do San Ciprián sentenciou a eliminatoria. Os de Madariaga tomaron o control co 3-2 de Diego Baltar, que abriu o camiño para pechar o encontro.

**A sorte dos penaltis sorriu ao Burela tras un partido igualado na Fonte**

<b>COSPEITO</b>	<b>2</b>
<b>BURELA</b>	<b>2</b>
Guille	Xesu
Diego	Delvis
Eric	Nico
Permuy	David
Pablo	Sául
Regueiro	Balito
Fran	Jairo
David	Savio
Luis	Pablo Delgado
Ferreiro	Silverio
Erik	Cristian
Rui	Carlos
Miro	Brais
	Antonio
	Flavio
	Borja

**Goles:** Eric e Ferreiro polo Cospeito; Silverio e en propio meta polo Burela.

**Árbitro:** Fernando Díaz Martínez

O Cospeito, primeiro na lixuíña de Play Off, e Burela, no Torneo Delegación, cruzaron demasiado axiña os seus camiños na Copa. A primeira eliminatoria apareará da competición a un dos dous equipos con mellores números na segunda fase – á marxe do Provincial–, e tocoullos aos chairegos, que caeron na quenda de penaltis un partido igualado na Fonte.

Os visitantes adiantáronse por dúas veces: na primeira metade cun gol de Silverio nun rexei-

**“Unha gran tempada, que remata aquí. Mágoa non ter máis contundencia nas áreas”**

LUIS Cospeito

**“Recompensa ao traballo feito durante o ano”**

FÉLIX Burela

tamento que igualou Eric ao rematar unha xogada por banda de Diego; e, na segunda parte, cun tanto en propia meta que igualou Ferreiro ao culminar unha contra polo flanco esquerdo do equipo chairego.

Malia que quedaban vinte minutos por diante e que o Cospeito seguiu xerando perigo á contra, o marcador non se moveu polo que a eliminatoria se decidiu desde o punto de penalti. Aí, o Burela estivo moito máis atinado certificando o pase cun 1-4 na quenda. Os de Félix mediránse á Residencia B en cuartos de final.



O burelao Pablo Delgado vaise co esférico



Martin e Marco, xogadores do Monterroso

**O Monterroso saca a espiña do Play Off e medirase ao Polvorín FC en cuartos**

<b>XOVE</b>	<b>0</b>
<b>MONTERROSO</b>	<b>2</b>
Mateo	Sergio
Dani	Santoalla
Paleo	Brandan
Oki	Martin
Aarón	Sánchez
Santi	Raúl Antas
Bruno	Julio
Álvaro	Aramburu
David Lado	Adrián García
Diego F.	Adrián Buján
Vieira	Iago
Aarón Sánchez	Jose Antonio
Iker	Toni
Rego	Jesus
	Lucas
	Miguel

**Goles:** Iago.

**Árbitro:** Jorge Michelena Grando

A eliminatoria ante o Xove Lago chegaba cun doloroso precedente para o Monterroso que, no penúltimo duelo ante os mariñaos, na lixuíña de Play Off, perderan por 7-1. A Copa permitiulles aos da Ulloa quitar a espiña cravada.

Os visitantes adiantáronse no primeiro cuarto de hora de encontro cun gol de Iago, que rematou un centro de Raúl desde a dereita. A vantaxe no marcador afianzou a estratexia do

**“A pesar da derrota, orgulloso e satisfeito polo traballo do equipo durante a temporada”**

BRUNO Xove Lago

**“Seguimos na loita”**

BRAIS VÁZQUEZ Monterroso

equipo que mantivo a seriedade defensiva, evitando que o Xove atopase ocos para tratar de igualar o partido.

Os mariñaos buscaron o empate con máis intensidade no inicio da segunda metade pero, cando peor o estaba pasando o equipo, Raúl Antas e Iago volveron aparecer para anotar o segundo do Monterroso. Os da Ulloa mantiveron a solidez defensiva ata o final, mantendo a portaría a cero e sen pasar apuros.

Os de Brais Vázquez teñen unha esixente proba en cuartos de final, cando terán que medirse ao Polvorín FC, equipo de Provincial, co que aínda non se viron as caras durante esta temporada.



A DEPUTACIÓN  
DE LUGO  
DO DEPORTE

# Fútbol base

## O LEGADO DE KIKO REY E AS QUENDAS DE PENALTIS

**EMILIO ROSANES**

A diferenza doutras modalidades deportivas, nas que a fase final de cada Campionato Galego disputase entre os respectivos campións provinciais de cada unha das catro provincias galegas, a reglamentación do noso deporte establece que as cotas de participación e presenza nas fases finais de cada categoría de fútbol base sexa directamente proporcional ao número de licenzas federativas emitidas en cada unha das sete Delegacións en que o noso fútbol divide o territorio galego, coa conseguinte infrarrepresentación das entidades da nosa provincia na disputa das mesmas.

Unha fase intermedia de Fútbol-8 na que o equipo de categoría prebenxamin da Unión Deportiva Xove Lago logrou a mellor clasificación entre a totalidade dos nosos representantes.

O terceiro posto logrado en Narón, tras colleitar catro vitorias e ceder un empate na eliminatoria de semifinais ante o adversario que, posteriormente, proclamárase campión desta fase, dá fe do excelente nivel mostrado polos leóns verdes da escuadra xovense.

Unha sorpresa que deixa de selo se focalizamos a nosa atención no máximo responsable do xovencísimo equipo mariño.

A figura de Kiko Rey, unha vez máis, e xa son unhas cantas, aparece como principal valedor dun novo e magnífico traballo co fútbol base.

Unha traxectoria impecable como futbolista, na que alcanza a Primeira División e na que nos demostrou que o esforzo e a dedicación constitúen os principais ingredientes para converter en realidade os soños dos millóns de xogadores que nos quedaba -

mos no camiño.

Bebeu das mesmas fontes futbolísticas de Pep Guardiola ao ser o alumno máis avantaxado de Juan Manuel Lillo, con quen viviu a indiscutible titularidade no histórico ascenso do equipo salmantino desde Segunda División B á cima do noso fútbol. Un idolo para as afeccións da U.D. Salamanca e S.D. Eibar, cuxa exemplar profesionalidade permitiulle manterse en activo ata a idade de corenta e un anos.

Tras abandonar a práctica activa como xogador, incorporouse ao fútbol base da canteira viveirensa deixando unha profunda pegada impregnada no ADN do legado de xogadores que estiveron ás súas ordes, transmitindo, co seu exemplo, os mellores valores e o mellor dos ensinamentos sobre o amor ao noso deporte.

Sen dúbida, a mellor das referencias no noso fútbol base galego, un auténtico luxo como deportista e como persoa e o mellor exemplo para quen defendemos que os mellores adestradores teñen que traballar cos que empezan.

O formato da competición desenvolvida en Fútbol-8 invítanos a realizar unha reflexión sobre se a quenda de lanzamentos desde o punto de penalti resulta o mellor método para determinar o vencedor dunha eliminatoria que acaba con empate a goles no tempo establecido reglamentariamente.

A indubidable emoción que produce a celebración da tradicional quenda de penaltis adoita traducirse, en case a totalidade de ocasións, nun efecto emocional moi negativo en quen cometen unha falta de acerto no lanzamento, considerándose auténticos culpables da derrota, constituindo unha fonte de estados emocionais negativos e afastados do obxectivo que persegue o deporte de base.

Nos últimos anos fomos testemuña das bágoas desconsoladas de moitos futbolistas de primeiro nivel tras errar a súa correspondente pena máxima. Próximas resultannos as bágoas do xogador colchoneiro Koke, trala súa falta de acerto no seu lanzamento durante o pasado Mundial de Rusia, ou as de Mes-

Leo si, na final da Copa América de 2016 fronte a Chile.

A aparición das penaltis para dirimir o resultado final dun encontro é utilizada por primeira vez pola extinta Federación Yugoslava de Fútbol na súa competición de Copa nacional durante a década dos anos 50.

No noso país, o CIHEFE, Centro de Investigación de Historia e Estatística do Fútbol Español, sitúa a primeira quenda de penaltis o 2 de setembro de 1962 na nosa Comunidade Autónoma. Foi no estadio coruñés

da Granja, onde aquela mañá impúxose o Vioño ao Español tras finalizar o encontro correspondente á Final da Copa da Coruña con empate. Esa mesma tarde, na localidade de Ferrol, o Real Betis Balompie impoñíase ao Real Club Deportivo tras executarse a correspondente quenda de lanzamentos durante a disputa do VIII Trofeo Concepción Arenal. Unha información documentada polo CIHEFE, en contra da errónea crenza de que ten a súa orixe en Cádiz durante a disputa da final do Torneo Carranza dese mesmo ano.

Este método para dilucidar o vencedor do encontro, non foi aprobado por F.I.F.A. ata o ano 1970, sendo a Eurocopa de 1976 a primeira competición oficial en que tivo lugar o seu desenvolvemento, xa que, ata ese momento a repetición do encontro ou o sorteo con moeda ao aire eran os métodos utilizados para tal fin.

Os profundos estudos estatísticos actuais e a entrada do Big Data no mundo do fútbol lograron desvirtuar a compoñente azarosa que se debe rexer de forma inexorable no lanzamento de quenda de penaltis á finalización dos encontros que resultan con empate.

Neste sentido, a American Economic Review publicou un profundo estudo sobre a totalidade de quendas de penaltis realizadas durante os corenta últimos anos, chegando á conclusión de que o conxunto que executa o primeiro lanzamento ten vantaxe sobre o rival, nunha proporción do 60,5 % fronte ao 39,5%.

Moi interesante, así mesmo, son os estudos publicados polo catedrático da Facultade de Psicoloxía da Universidade holandesa de Groningen,

Tjerk Moll, quen analizou o efecto emocional sobre compañeiros e adversarios da celebración dos goles na quenda de penaltis, chegando á conclusión de que, debido ao contaxio e transferencia de emocións, os equipos que celebran os seus goles proclámanse vencedores no 82 % das ocasións.

En opinión de quen subscribe, deberían ser estudados novos métodos para dirimir resultados finais afastados do modelo actual.

Neste sentido, as clasificacións de xogo limpo de cada competición, establecidas en función das amonestacións, expulsións e sancións recibidas durante a tempada deberían ser baremizadas, para pasar a ter unha visibilidade e unha validez absoluta no aspecto competicional, de forma que, en caso de empate, resulte vencedora a entidade que, ao longo do encontro ou do campionato, mostre un mellor coeficiente neste aspecto.

Trataríase dun parámetro absolutamente obxectivo e que, con seguridade, redundaría nun incremento dos parámetros de deportividade no noso deporte e evitaríamos estados emocionalmente moi negativos para os nosos mozos deportistas ante unha falta de acerto.

No entanto, mentres esperamos a introdución de variantes que beneficien o noso deporte, sigamos gozando do legado de Kiko Rey.



A DEPUTACIÓN  
DE LUGO  
DO DEPORTE

